

# LINGUA



## Tema 05 O pintor Nocha

### GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzamento
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

## Orientacións didácticas

■ Esta unidade propón a lectura dun conto popular chinés adaptado.

Antes de responder as preguntas de comprensión das páxinas seguintes, os alumnos realizarán estas actividades:

- Lerán o título e observarán as imaxes. Feito isto, farán hipóteses sobre o contido da lectura.
- Responderán de forma oral as preguntas formuladas antes da lectura.
- Lerán a lectura e marcarán nela as palabras que non comprendan. Se algunhas destas palabras está salientada en negra, indicaremoslles que lean a súa definición, que está nos recadros grises das marxes.

Para acabar, cada neno lerá o texto en silencio.

## Solucións das actividades

### Antes de ler

- Actividade persoal.
- Actividade persoal. A modo de exemplo:

Picasso, Monet, etc. Axudáremolos a atopar pintores e cadros famosos na Internet e podemos preguntarlles que sensacións lles provocan.

1. Resposta persoal. A modo de exemplo:


O emperador non obra ben, dado que é moi egoísta e quere o cadro soamente para el e non compartir a súa beleza. Ademais maltrata a Nocha téndoo escravizado facendo cadros para o emperador e nin sequera lle agradece o seu bo traballo.

O que farían persoalmente no lugar do pintor Nocha é unha resposta persoal, pero seguramente todos digan que tamén intentarían fuxir.

Traballaremos o significado das palabras que se facilitan nos glosarios das dúas páxinas e pedirémoslles que as busquen no dicionario para ver se teñen outras definicións.

# 5

## O pintor Nocha



### Antes de ler

- Que cousas son as que máis che gusta debuxar?
- Coñeces algún pintor ou cadro famoso? Cal? Búscalo na Internet.

rexión: zona.

sona: fama.



50 Tema 5

Nocha naceu nunha **rexión** húmida e verde da China. De neno, a súa vida fora alegre entre verdes prados e brancas árbores floridas.

Desde moi pequeno, Nocha debuxaba os peixes e os paxaros nas pedras e rochas do río, e os rabaños nas madeiras das cortes. O xeso e o carbón eran lapis máxicos nas súas mans de neno.

Nocha medrou e nas aldeas próximas todos falaban del. Moita xente viña á aldea para ver as obras do mozo artista. A súa **sona** chegou ata o palacio do emperador.

Un día, o emperador chamou a Nocha e díxolle:

–Quedarás aquí e traballarás para adornar todos os recunchos do palacio. Xa mandei preparar o teu obradoiro nunha das salas, ben provisto de cores, lacas e ricas madeiras. Xa nunca volverás ao lugar onde naciches. Vivirás para sempre no palacio.

Nocha estaba triste. Xa non podería ver a súa casa na aldea branca de árbores floridas á beira do río. Tería que contentarse con soñar cos seus alegres campos desde as escuras salas do palacio.

Traballaba sen descanso. As súas pinturas enchían os salóns imperiais. Pero o seu pensamento voaba ás terras onde vivira feliz.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
<b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b>	Interpretar e empregar diferentes tipos de códigos e linguaxes.	Interpretar e expor a información que transmite a tipoloxía dun relato. <i>Antes de ler.</i>
<b>APRENDER A APRENDER</b>	Desenvolver estratexias e empregar diversas ferramentas para reforzar a adquisición de léxico e o coñecemento da lingua.	Favorecer a adquisición de léxico a través da lectura de relatos e dos glosarios que acompañan as lecturas. Lectura.
<b>SENTIDO DA INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR</b>	Participar en actividades colectivas e escolares para iniciativa propia e mostrando interese e iniciativa.	Participar nunha conversa sobre o gusto polo debuxo relacionándoo co texto. <i>Antes de ler.</i>  Comentar entre todos se o emperador obra ben e propor que se faría nesa situación. Pregunta 1.
<b>SOCIAIS E CÍVICAS</b>	Participar en actividades colectivas de forma colaborativa, respectando as achegas dos outros.	Participar no comentario colectivo sobre a lectura respectando as opinións alleas e as quendas de palabra. <i>Antes de ler.</i>

Un día Nocha pintou un gran cadro: o transparente ceo da súa infancia, os prados, a pontiña de estacas no río bordeado de bambús, a branca aldea ao lonxe entre voos de parrulos salvaxes, un vermello sol e un verde limpo de herba húmida.

Príncipes e mandaríns acudían a ver o marabilloso cadro que o emperador colgara nun luxoso salón do palacio.

Nocha fixera a súa mellor obra; a que levaba sempre no seu pensamento. A el non lle parecía unha pintura, senón a súa aldea mesma. Por iso lle gustaba pasar longas horas fronte a ela aspirando o seu aire limpo. Pero o emperador prohibira que Nocha vise o seu cadro.

Nocha suspiraba por ver o seu cadro. E un día, nun momento en que estaban **ausentes** os gardiáns, entrou no salón, descolgou a súa paisaxe e levouna correndo para a agachar no seu obradoiro, onde a podería contemplar cando quixese.

A marabillosa pintura desaparecera e o emperador estaba furioso. Milleiros de soldados buscaron o ladrón e, por fin, **acharon** o cadro no obradoiro de Nocha, agochado entre táboas e lenzos.

O emperador mandou prender a Nocha e ordenoulle que seguise pintando cadros na prisión para adornar o seu palacio.<sup>1</sup> Nocha non podía pintar. Faltáballe luz para os seus ollos e alegría ao seu corazón.

Entón, o emperador chamouno e díxolle:

–Virás outra vez a vivir e a traballar ao palacio. Para que esteas ledo deixareite a soas co teu cadro uns momentos cada día, pero se tentas algo que poida anoxarme serás castigado.


Nocha continuou o seu traballo. Só respiraba un momento cada día cando vía, no seu cadro, o campo libre e verde da súa aldea. Despois, seguía sufrindo no seu obradoiro.

Un día xa non puido resistir máis. Atopábase só na sala, ante a súa paisaxe, mirándoa. E... Nocha achegouse ao cadro, deu un salto e meteuse nel ata se perder no horizonte azul.

Cando os gardiáns o foron buscar, Nocha non estaba. O emperador enfureceu. Era imposible que saíse sen ser visto.

Un sabio mandarín atopou a explicación. Nocha fuxira polo cadro. Aínda se vían as pegadas na herba húmida dos prados.

Conto popular chinés (adaptación).



**1** Cres que obra ben o emperador? Que farías ti se estiveses na situación de Nocha?

**ausente:** que non está presente.

**achar:** descubrir algo que estaba oculto.



Tema 5 51

## NAVEGAMOS POR TICHING

- <http://www.tiching.com/91229>

Neste recurso podemos atopar moitos tipos de manualidades e de actividades de tipo artístico.

Escolleremos os cadros máxicos para que o alumnado vexa que pode realizar cadros usando diversos materiais e non necesariamente soamente lenzo e pinturas. Cada alumno fará un de forma individual e logo faremos unha exposición e votaremos o que máis nos guste.

## LIBRO DIXITAL

- **Actividades autocorrectivas** que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- **Actividades abertas** que alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corraxirá.

## Actividades de reforzo

**1.** Para comprobar que o alumnado comprendeu o contido do texto, podemos facerlles as seguintes preguntas:

- *Cres que existe un cadro como o que sae no texto? Por que?*
- *Gustaríache saber pintar tan ben como o pintor Nocha?*
- *Para que credes que serve o feito de facer cadros? Soamente para adornar ou tamén teñen outras funcións? Cales?*

Solución:

Respostas persoais.

## Actividades de ampliación

**1.** O alumnado pode buscar na Internet outros contos populares chineses a partir dos que poderemos falar de semellanzas e diferenzas entre culturas do mundo.

Podemos facerlles preguntas do estilo:

- *Cres que todos os contos do mundo son iguais? Por que?*
- *Que semellanzas e diferenzas atopas nos contos chineses en relación a outros contos populares que coñeces?*
- *Por que credes que aparecen estas semellanzas e diferenzas en diferentes culturas?*

Solución: Respostas persoais.

## Educamos en valores

■ A lectura fala dun emperador tirano que escraviza o pintor para que lle faga moitos cadros que quere gozar el só no seu palacio.

Aproveitaremos para falar do dereito á liberdade de todas as persoas, independente da súa situación económica, condición, raza, etc.

Para isto, podemos facerlles preguntas do estilo:

- *Cres que é xusto que porque unha persoa teña máis poder ou diñeiro poida escravizar a outra?*
- *Coñeces algún caso de explotación de persoas actualmete no mundo?*
- *Cres que os nenos e as nenas tamén poden sufrir escravitude e maltratos? Coñeces algún caso no mundo?*



## Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen no apartado *Ler e comprender* traballaremos os seguintes contidos:

- Comprensión das ideas principais e do contido do texto.
- Selección das palabras que aparece na lectura dunha listaxe dada
- Selección da opción correcta para o texto de entre dúas dúas propostas

■ No apartado *Gramática* traballaremos os seguintes contidos:

- Estudo do concepto de determinante artigo.
- Estudo das contraccións que pode facer o artigo con diferentes preposicións.

## Solucións das actividades

### Ler e comprender

1. As respostas son as seguintes:

- *Por que se fixo tan famoso Nocha?*

Nocha fíxose tan famoso porque desde moi pequeno pintaba moi ben e en calquera momento e con calquera obxecto.

- *Por que ordenou o emperador que Nocha quedase a vivir no palacio?*

O emperador quería que Nocha vivise no palacio para que se dedicase todo o tempo a facer cadros para decorar o seu palacio e non se dedicase a facelos noutros lugares ou para outras persoas.

- *Como era o lugar onde vivía Nocha?*

Nocha naceu nunha rexión húmida e verde da China, entre verdes prados e brancas árbores floridas.

- *Por que roubou Nocha o seu cadro?*

Nocha roubou o cadro porque para el non era soamente unha pintura, xa que pasaba horas mirándoa dado que a sensación que tiña era de estar verdadeiramente na súa propia rexión, que botaba de menos.

- *Por que deixou o emperador que Nocha volvese ao palacio?*

O emperador permitiu que Nocha

## 5-4

## Ler e comprender

Aprenderás a identificar as partes dunha narración.

1 Lembra a lectura e responde as preguntas que tes a continuación. Faino no teu caderno:

- Por que se fixo famoso Nocha?
- Por que ordenou o emperador que Nocha quedase a vivir no palacio?
- Como era o lugar onde vivía Nocha?
- Por que roubou Nocha o seu cadro?
- Por que deixou o emperador que Nocha volvese ao palacio?
- Onde fuxiu Nocha? Por que?



2 Copia no teu caderno só as palabras que aparecen na lectura "O pintor Nocha":

- emperador
- escultor
- río
- branco
- princesa
- pintor
- paisaxe
- azul
- presidente
- artista
- volcán
- verde

3 Le as seguintes oracións e copia a opción que creas axeitada no teu caderno:

Nocha, desde moi pequeno, debuxaba...

- peixes e paxaros.
- paisaxes lunares.

A sonda de Nocha como pintor chegou ata...


- a emperatriz do Xapón.
- o emperador da China.

O emperador ordenoulle a Nocha que pintase para...

- decorar os salóns e corredores do palacio.
- decorar os chanzos e as varandas da escaleira.

Nocha sentíase moi triste no palacio porque...

- non podía comer arroz nin roliños de primavera.
- non podía ver a súa aldea.



4 Responde no teu caderno as seguintes preguntas, que corresponden ás partes do conto da lectura:

Cando, a quen e onde ocorreu?

Que ocorreu?

Que sucedeu ao final?

52 Tema 5

INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Lingüística	1	Responder a diversas preguntas que teñen que ver co contido do relato.
Interpersoal	2	Ser capaz de localizar na lectura que palabras das propostas aparecen.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Desenvolver a habilidade e a comprensión lectora.	Traballar a comprensión do relato respondendo cuestións. Acts. 1 a 4.
CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI	Familiarizarse con diferentes manifestacións e producións artísticas e culturais.	Valorar a pintura como unha forma de expresión artística que é válida para o ser humano e que ten moita técnica. <i>Ler e comprender.</i>
APRENDER A APRENDER	Aplicar o coñecemento adquirido para resolver actividades posteriormente.	Seleccionar as palabras que aparecen no texto dunha listaxe dada. Act. 2. Seleccionar a opción axeitada de dúas oracións dadas que teña máis relación coa lectura. Act. 3.

## Gramática

### O determinante artigo

Le o texto e fíxate nas palabras subliñadas:

O xoves fomos a un museo coa clase. Os cadros que se expoñen son moi bonitos. Unha guía do museo explicounos as técnicas máis empregadas na pintura.

Os **determinantes** son palabras que se colocan diante do nome para indicar a que persoa, animal ou cousa nos referimos concretamente. Os determinantes concordan en **xénero e número** cos nomes.

O **artigo** é un determinante que vai diante do nome. O artigo pode ser de dous tipos:

- **Determinado.** Colócase diante do nome cando este se refire a algo xa coñecido e concreto: *o, a, os, as*.
- **Indeterminado.** Colócase diante do nome cando este se refire a algo xeral ou descoñecido: *un, unha, uns, unhas*.

		Artigo	
		Determinado	Indeterminado
Singular	Masculino	o	un
	Feminino	a	unha
Plural	Masculino	os	uns
	Feminino	as	unhas



As **contraccións** dos artigos coas preposicións son:

	Artigo determinado				Artigo indeterminado			
	o	a	os	as	un	unha	uns	unhas
a	ao	á	aos	ás	–	–	–	–
con	co	coa	cos	coas	cun	cunha	cuns	cunhas
de	do	da	dos	das	dun	dunha	duns	dunhas
en	no	na	nos	nas	nun	nunha	nuns	nunhas
por	polo	pola	polos	polas	–	–	–	–

Tema 5 53

**Aprenderás** que é un determinante, cales son os artigos e como contraen coas preposicións.

volvera ao palacio porque o encerrara en prisión, onde tiña pouca luz para pintar e estaba moi triste. O emperador quería que Nocha seguira pintando cadros para el.

– *Onde fuxiu Nocha? Por que?*

Nocha fuxiu a través do cadro ao sitio que estaba pintado, isto é, a súa propia rexión natal.

2. As palabras que aparecen na lectura son as seguintes:

Emperador, río, pintor, paisaxe, azul, verde,.

3. As opcións correctas son as seguintes:

– Nocha, desde moi pequeno, debuxaba... peixes e paxaros.

– A sonda de Nocha como pintor chegou ata... o emperador da China.

– O emperador ordenoulle a Nocha que pintase para... ecorar os salóns e corredores do palacio.

– nocha sentíase moi triste no palacio porque non podía ver a súa aldea.

4. As respostas ás preguntas das partes do conto da lectura son:

– *Cando, a quen e onde ocorreu?*

A acción ocorre hai moito tempo. Océrrelle a un pintor moi famoso que se chama Nocha e que pinta as paisaxes da súa aldea, que é parte de onde ocorre a acción e logo no palacio do emperador.

– *Que ocorreu?*

O que ocorre é que o emperador pecha a Nocha no seu palacio para que pinte cadros para os seus salóns e corredores e Nocha está moi triste sen poder ver a súa aldea.

– *Que sucedeu ao final?*

Ao final Nocha foxe do palacio a través da súa pintura preferida.

### NAVEGAMOS POR TICHING

- <http://www.tiching.com/726536>

Podemos usar este recurso para buscar contos populares galegos. Pedirémolle aos nenos que escollan un e que o lean en silencio.

Logo escolleremos algúns alumnos para que saian contar o conto que leron. Aproveitaremos para facerlles preguntas do estilo:

- *Cres que todas as culturas teñen contos populares? Por que?*
- *Gústanche máis os contos populares dalgunha cultura en concreto? Cal?*

### LIBRO DIXITAL

- **Actividades autocorrectivas** que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- **Actividades abertas** que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corruxará.

### Gramática

Neste apartado o alumnado aprenderá cales son os artigos determinados e indeterminados e as contraccións que poden ter con varias preposicións. Na páxina seguinte realizarán actividades sobre este tema.

## Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina seguiremos traballando o apartado de *Gramática* e os artigos determinados e indeterminados coas seguintes actividades.
- Compleción de oracións de forma correcta co artigo que corresponde.
- Escritura do artigo que lle corresponde a cada nome e cambio posterior do xénero.
- Explicación de cando usaría o artigo determinado e o indeterminado.
- Compleción duns textos usando o artigo determinado ou indeterminado segundo corresponda e facendo as contraccións correspondentes.
- No apartado *Ortografía* traballaremos o acento de palabras monosílabas. Para isto:
  - Acentuarán unha serie de oracións e explicarán por que as palabras monosílabas levan ou non acento gráfico.
  - Buscarán o significado de palabras monosílabas con e sen acento e farán oracións con elas.

## Solucións das actividades

### Gramática

5. As oracións completas quedan do seguinte xeito:
- As follas secas levábaas o vento.
  - As rapazas xogan xuntas no recreo.
  - O xinete caeu do cabalo.
  - Os contos fálannos de costumes.
  - Atopei un gatiño na rúa que pasa pola miña casa.
  - O leñador saía a traballar.
6. Os nomes co seu artigo e posterior cambio de xénero quedan do seguinte xeito:
- a nai → o pai
  - a avoa → o avó
  - o irmán → a irmá
  - os curmáns → as curmáns

### Gramática

5 Completa as oracións no teu caderno co artigo que corresponda:

- ... follas secas levábaas ... vento.
- ... rapazas xogan xuntas (en) ... recreo.
- ... xinete caeu (de) ... cabalo.
- ... contos fálannos de costumes.
- Atopei ... gatiño (en) ... rúa que pasa (por) ... miña casa.
- ... leñador saía a traballar.

Pensa que pode haber contraccións.



6 Escribe o artigo que lle corresponde a cada nome e, despois, cámbialle o xénero:

- |       |   |       |     |         |   |     |
|-------|---|-------|-----|---------|---|-----|
| a nai | → | o pai | ... | bisavoa | → | ... |
| ...   | → | ...   | ... | ...     | → | ... |
| ...   | → | ...   | ... | ...     | → | ... |
| ...   | → | ...   | ... | ...     | → | ... |
| ...   | → | ...   | ... | ...     | → | ... |
| ...   | → | ...   | ... | ...     | → | ... |
| ...   | → | ...   | ... | ...     | → | ... |

7 Explica cando utilizarías estes artigos:



8 Copia no teu caderno e coloca os artigos determinados e indeterminados que faltan:

Sempre quixen ter ... can ou ... cadela, pero meus pais nunca me deixaron. Agora que xa teño ... miña propia casa poderei ter todas ... mascotas que eu queira.

9 Completa coa contracción de preposición e artigo que corresponda. Para que sexa máis doado a preposición aparece entre parénteses:

(en) ... verán paseo (por) ... mañá en bicicleta e vou (a) ... praia. Cando volvo (de) ... paseo, xanto (con) ... miña familia (en) ... dos restaurantes que hai preto (de) ... nosa casa.



INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Lingüística	5	Encher oracións cos artigos correspondentes aos substantivos.
	6	Identificar o artigo que lle corresponde a cada nome e logo cambiarlle o xénero.
Intrerpersoal	7	Ser capaz de explicar corectamente coas súas palabras o xénero e o número de substantivos e, polo tanto, a elección do artigo correcto.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
SOCIAIS E CÍVICAS	Valorar a importancia da corrección lingüística na comunicación da vida cotiá.	Valorar a importancia de empregar correctamente artigos e contraccións para chegar á comprensión lingüística. Act. 9
APRENDER A APRENDER	Interiorizar os coñecementos e aplicalos correctamente na resolución das actividades.	Acentuar unha serie de oracións e explicar coas súas palabras as regras de acentuación das palabras monosílabas. Act. 10.
DIXITAL	Localizar recursos na rede e empregarlos de forma correcta.	Localizar significados de palabras na Internet. Act. 11.



## Ortografía

Aprenderás que é o acento gráfico diacrítico.

### O acento gráfico nos monosílabos

Le o seguinte texto e fíxate nas palabras subliñadas:

Hoxe, despois de preparar a comida, mamá vai facer un té artesán. Nós somos os seus axudantes na cociña.

– Cantos ingredientes necesitas, mamá?

– Todos os ingredientes que hai aquí. Vés buscalos, por favor.



As palabras **monosílabas** só teñen unha sílaba.

Algunhas palabras monosílabas teñen que levar acento gráfico para diferencialas doutras palabras que se escriben igual:

dá → presente do verbo dar	da → contracción de + a
dó → nota musical ou pena	do → contracción de + o
nós → 1.ª persoa do plural	nos → contracción en + os
té → infusión	te → letra ou pronome
vés → presente do verbo vir	ves → presente do verbo ver
á → contracción a + a	a → artigo feminino
é → presente do verbo ser	e → conxunción



10 Copia as seguintes oracións no teu caderno e explica por que levan acento gráfico os monosílabos:

- A á daquel paxaro é de cor vermella.
- Non podo beber té pola noite.
- Nós imos facer un traballo en grupo.
- Sento dó cando vexo un can perdido.
- Ela sempre dá cousas aos demais.
- Miña irmá non sabe ler o dó.
- Por que non vés á miña casa?

A á con acento gráfico tamén é unha parte do corpo das aves.



11 Busca o significado das seguintes palabras e escribe unha oración con cada unha delas:

- pé / pe      • ós / os      • vós / vos      • pór / por

Tema 5 55

- a cuñada → o cuñado
- a nora → o xenro
- as bisavoa → os bisavós
- as tías → os tíos
- o xenro → a nora
- os netos → as netas
- a filla → o fillo
- o sobriño → a sobriña

7. As situacións nas que usariamos os artigos son:

- O río: cando falamos dun río en concreto / Un río: cando falamos dun río sen falar dun en concreto.

E así aplicamos o criterio a todas as palabras.

8. O texto completo queda do seguinte xeito:

Sempre quixen ter un can ou unha cadela, peromeus pais nunca me deixaron. Agora que xa teño a miña propia casa podereit ter todas as mascotas que eu queira.

9. O texto completo queda do seguinte xeito:

No verán paseo pola mañá en bicicleta e vou á praia. Cando volvo do paseo, xanto coa miña familia nun dos restaurantes que hai preto da nosa casa.

## Ortografía

10. Os motivos de acentuarse ou non as palabras son os seguintes:

- A / á. *Respectivamente: artigo determinado feminino singular / Parte do paxaro que lle permite voar.*
- Té: infusión. / Nós: Pronome persoal. / dó: pena, mágoa / dá: verbo dar / dó. Nota musical / á: contracción a+ a.

11. As oracións son respostas persoais. Damos os significados:

Pé: parte do corpo / Pe: letra.

Ós: Contracción / Os: artigo.

Vós: Pronome persoal tónico / Vos: pronome persoal átono.

Pór: Verbo sinónimo de poñer. / Por: preposición.

## NAVEGAMOS POR TICHING

■ <http://www.tiching.com/735792>

Iremos a esta páxina web para repasar a teoría da acentuación de monosílabos en galego no seu apartado concreto.

Logo pedirémolles aos alumnos que cos pares de palabras de monosílabos que escribamos no encerado, fagan dúas oracións nas que vexamos claramente a súa diferenza de significado e uso, así como acentuación.

## LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corruxirá.

## Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen no apartado *Vocabulario* traballaremos os seguintes contidos:

- Comprensión dos conceptos de palabras primitivas, derivadas e compostas.
- Formación de palabras derivadas a partir das primitivas
- Separación de palabras en prefixos, sufijos e raíz
- Separación das partes de palabras compostas.

■ No apartado *Escoitar e falar* traballaremos os seguintes contidos:

- Aprender a realizar unha entrevista.
- Preparación dunha entrevista en parellas.
- Simulación dunha entrevista de forma oral.
- Preparación persoal dunha entrevista a un personaxe.

## Solucións das actividades

### Vocabulario

**12.** Repostas persoais. A modo de exemplo:

- casa: caseiro, caseto, casucha.
- caderno: encadernar, encadernación.
- liro: librería, libreiro.
- porta: Porteiro, portal.
- pescar: pescador, piscifactoría

**13.** Separamos as palabras con guiños en prefixos, raíz e sufijos:

- em-botell-ar.
- corazónc-iño.
- a-vermell-ado.
- flor-eiro.
- in-cri-ble.
- froit-aría.
- en-gaiol-ar.
- reg-adeira.
- pre-medit-ar.

**14.** As divisións das palabras compostas son as seguintes:

- Creba-cabezas

## Vocabulario

### Palabras primitivas, derivadas e compostas

As **palabras primitivas** non derivan de ningunha outra palabra.

As **palabras derivadas** son aquelas que se forman engadíndolles prefixos e sufijos ás palabras primitivas.

As **palabras compostas** son aquelas que están formadas por dúas ou máis palabras primitivas.

**12** Forma palabras derivadas a partir destas palabras primitivas:

- casa
- caderno
- libro
- porta
- pescar

**13** Separa os prefixos e os sufijos destas palabras e escribe de que palabra primitiva proveñen:

- embotellar
- floreiro
- engaiolar
- corazóncño
- increíble
- regadeira
- avermellado
- froitaría
- premeditar

**14** Separa as palabras que forman as seguintes palabras compostas:

- crebacabezas
- parasol
- pararraios
- limpaparabrisas
- lavalouza
- cortaúñas
- quitamanchas
- tirapedras
- mediodía

### Amplía o teu vocabulario

**15** Copia no teu caderno e relaciona cada palabra coa definición máis axeitada:

AxA

paleta  
pastel  
autorretrato  
gravado  
brocha

Aparello para pintar feito cun conxunto de pelos unidos por un extremo suxeitos por un mango.

Debuxo que queda impreso ao premer sobre unha superficie unha prancha gravada e mollada en tinta.

Barra de cor, feita cunha substancia pastosa e que se usa para pintar sobre papel ou sobre tea.

Aparello de madeira que usan os pintores para poñer e mesturar as cores cando están a pintar.

Retrato dunha persoa feito por ela mesma.

56 Tema 5

Aprenderás a diferenciar se unha palabra é primitiva, derivada ou composta.



INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Lingüística	12	Formar palabras derivadas a partir dunha serie de palabras primitivas.
	13	Separar correctamente palabras en raíz, prefixos e sufijos.
Intrapersoal	14	Recoñecer as palabras individuais que xuntas forman outra palabra, chamada composta.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
<b>APRENDER A APRENDER</b>	Comprender estratexias que interioriza para resolver actividades posteriormente con este método. Realizar traballos en grupo.	Comprender a forma de resumir argumentos e aplicala correctamente nun traballo colaborativo en parellas. Act. 16. Preparar unha entrevista en pequeno grupo para o director ou directora da escola. Act. 18.
<b>DIXITAL</b>	Usar as ferramentas tecnolóxicas e dixitais con eficacia.	Usar dicionarios dixitais para buscar o significado de palabras se non os sabe e resolver a actividade. Act. 15.



## Escoitar e falar

Aprenderás a realizar unha entrevista.

### Realizar unha entrevista

**Realizar unha entrevista** é facerlle preguntas a unha persoa para coñecela mellor.



Na entrevista, a persoa que pregunta chámase **entrevistador** e a que responde a pregunta, **entrevistado**.

16 Por parellas, comentade a quen lle fariades as seguintes preguntas:

- Cando será o teu próximo concerto?
- Que sentiches cando viaxaches á Lúa?
- Como nos podemos protexer contra a gripe?
- Que noticia lle gustaría publicar?
- Cal dos seus libros tivo máis éxito?

17 Un de vós é o entrevistador e o outro, o entrevistado. O entrevistado poderá elixir a súa identidade. Seguíde o exemplo do audio:

Un náufrago que leva moito tempo nunha illa

O lobo feroz

Un habitante do deserto

Tarzán

O alcalde da túa localidade



18 En grupos de catro, preparade unha entrevista para o director ou directora da escola que publicaredes na revista escolar.

19 Prepara unha entrevista para estes personaxes. Despois terás que lelas en clase:



Tema 5 57

- *Limpa-parabrisas*
- *Quita-manchas.*
- *Para-sol*
- *Lava-louza.*
- *Tira-pedras*
- *Para-raios.*
- *Corta-unllas*
- *Medio-día.*

15. As relacións de palabras e definicións é a seguinte:

- *Paleta:* Aparello de madeira que usan os pintores para poñer e mesturar as cores cando están a pintar.
- *Pastel:* Barra de cor, feita cunha substancia pastosa e que se usa para pintar sobre papel ou sobre tea.
- *Autorretrato:* Retrato dunha persoa feito por ela mesma.
- *Gravado:* Debuxo que queda impreso ao premer sobre unha superficie cunha prancha gravada e mollada en tinta.
- *Brocha:* Aparello para pintar feito cun conxunto de pelos unidos por un extremo suxeitos por un mango.

### Escoitar e falar

- 16. Actividade persoal en parellas.
- 17. Actividade persoal en parellas.
- 18. Actividade persoal en grupo.
- 19. Actividade persoal

### NAVEGAMOS POR TICHING

■ <http://www.tiching.com/735793>

Entraremos nesta web, onde veremos unha entrevista a Roque Cameselle por ter sido nominado a un premio Goya por un filme de debuxos animados.

Escoitaremos a entrevista e logo por parellas intentaremos imitar a estrutura da entrevista usando un tema semellante, por exemplo, estar nominado o entrevista a un premio literario.

### LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente, corruxirá.

### ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

## Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen no apartado *Escribir* traballaremos os seguintes contidos:

- Aprendizaxe de como se fai unha descrición dun lugar ou dun obxecto.
- Selección das características dunha paisaxe dada
- Escritura correcta dunha descrición da paisaxe facilitada e dunha pequena escultura.

■ No apartado *O trasno das palabras* traballaremos os seguintes contidos:

- Descrición dos personaxes da lectura deste tema e creación dunha das prendas de vestir con cartolina.
- Formación de palabras usando letras de palabras dadas.
- Eficacia lectora dunha mensaxe incompleta e de palabras coas sílabas desordenadas.
- Valoración da literatura como medio de coñecemento e recurso de lecer persoal.

## Solucións das actividades

### Escribir

En primeiro lugar, o alumnado lerá un texto de forma comprensiva para recoñecer a estrutura e tipografía propias da descrición.

20. Actividade persoal. A modo de exemplo:

Soleada, de costa, humanizada, fermosa...

21. Resposta persoal. A modo de exemplo.

A paisaxe que vemos é de costa e claramente humanizada. Contén moitos elementos creados polo ser humano como barcos, casas, etc. Ao fondo podemos ver unhas altitudes máis de montaña e en primeiro plano a auga do mar...

22. Resposta persoal. A modo de exemplo.

A scultura parece bastante pequena na imaxe. Ten un soporte de forma rectangular semellante a unha columna e enriba ten a figura de Don

## Escribir

### Descrición de lugares e obxectos

Le esta descrición e fíxate nas expresións subliñadas:

A trompeta é un instrumento musical de vento que polo seu son acostuma utilizarse nas orquestras.

Nun dos extremos ten a boquilla, por onde se sopra. A boquilla é de metal e ten forma de funil.

No centro está o corpo da trompeta, que ten tres pistóns.

No outro extremo atopamos o pavillón, por onde sae o son.



Descrición de lugares e paisaxes é explicar como son.

Para facer unha boa descrición debes utilizar adxectivos e comparacións, e seguir as pautas que xa coñeces: **observar**, **seleccionar** e **redactar** ordenadamente.

As **expresións de situación** son moi utilizadas nas descricións de paisaxes: *aos lados...*, *á súa esquerda...*, etc.; e nas descricións de obxectos: *nun dos extremos...*, *no centro...*, *na parte inferior...*, *arriba...*

### Para saber máis

Outras expresións de situación son: *preto de*, *debaixo*, *en primeiro termo*, *ao lonxe...*

- 20 Selecciona e ordena as características desta paisaxe:

20



21

Escribe unha descrición completa da paisaxe anterior. Podes facelo no ordenador.

22

Fai unha descrición da escultura que tes á dereita, de Julio González, e que leva o nome de *Don Quixote*.



58 Tema 5


INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Intrapersoal	20	Realizar unha pequena descrición case listaxe de características dunha paisaxe con autonomía e corrección.
Lingüística	21	Crear unha descrición dunha paisaxe ben redactada, estruturada e imaxinativa.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
<b>DIXITAL</b>	Localizar información na rede e empregala de forma correcta e efectiva para resolver actividades.	Localizar información na rede sobre a escultura de Julio González chamada <i>Don Quixote</i> e usala para resolver a actividade. Act. 22..
<b>CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAI</b>	Valorar as obras literarias e outras formas de manifestación cultural expresadas lingüisticamente. Valorar diferentes culturas e formas de vida do mundo.	Valorar a lectura como un medio de aprendizaxe e como un recurso de lecer persoal. <i>Lectura recomendada</i> . Ter curiosidade por saber como visten e como pensan outras culturas do mundo. Act. 1 <i>O trasno das palabras</i> .

## O trasno das palabras

- 1 Fixate nos debuxos da lectura. Como van vestidos os personaxes?  
Fai no teu caderno unha breve descrición. Despois, seguíde as instrucións e facede un gorro típico chinés:

Material	Elaboración
<ul style="list-style-type: none"><li>• Cartolina de cor amarela.</li><li>• La de cor negra.</li><li>• Goma elástica.</li><li>• Tesoiras.</li></ul>	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Corta a cartolina en círculo.</li><li>2. Fai unha trenza coa la e péga a pola parte interior do pucho.</li><li>3. Pon a goma elástica dun extremo a outro do pucho, para que, cando o poñamos, non nos caia da cabeza.</li></ol>



- 2 Forma novas palabras coas letras dos seguintes nomes:  
**pensamento**    **emperador**    **obradoiro**    **mandarín**
- 3 **Eficacia lectora.** A mensaxe está incompleta porque perdeu as letras **n** e **e**. Podes descifrala?  
**Os \_x\_ñ\_iros da \_ASA p\_rd\_ro\_ o co\_facto co robot Spirit por u\_ha form\_\_ta d\_po\_\_Mart\_.**
- 4 **Eficacia lectora.** As sílabas destas palabras están desordenadas. Adiviña de que palabras se trata léndoas rapidamente:

mo	bi	tor	bo	ár	re
pe	bí	de	men	mo	to
lin	bi	güe	lo	rru	pa
do	ver	so	re	ver	mo

### Lectura recomendada

Úrsula HEINZE: *O buzón dos nenos*. Vigo, Ed. Galaxia, 1986.

Neste libro vas acompañar a Bea e a Amaia, dúas nenas, que tiveron a idea de colocar nunha árbore unha caixa de correos onde os nenos botan as cartas coas suxerencias para gozar de moitas aventuras.

Esta idea ten resultados: localizan un pequinés perdido, recuperan a varíña máxica dun mago, conseguen traballo para un pallaso... A cantas persoas poderán axudar?



Tema 5 59

### NAVEGAMOS POR TICHING

- <http://www.tiching.com/731736>

Entraremos neste recurso onde podemos ver diferentes paisaxes de España. Seleccionaremos o apartado Galicia e iremos pasando as imaxes que nos facilita.

O alumnado poderá seleccionar a que máis lle gusta e describila por escrito no seu caderno. Logo poremos en común as descricións de todos os alumnos e se escolleron a mesma foto veremos semellanzas e diferenzas.

### LIBRO DIXITAL

- **Actividades autocorrectivas** que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- **Actividades abertas** que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corruxirá.

Quixote de forma moi esquemática. Parece estar feita de metal ou algún material semellante....

### O trasno das palabras

1. A creación do gorro chinés é unha actividade persoal. Os personaxes da lectura van vestidos do seguinte xeito:

Na páxina da esquerda vemos unha muller cunha especie de blusa grande e coas mangas moi longas e anchas. Tamén leva un pantalón folgado e uhas zapatillas que parecen moi cómodas.

Hai un señor máis maior que leva un sombreiro moi ancho para protexerse do sol, un pantalón tamén ancho e un calzado que se suxeita atándoo ao longo da perna.

O pintor Nocha leva unha camisa ancha e unha especie de chaleque e tamén pantalón e zapatillas baixas.

Na parte da dereita emos a Nocha cun gorro chinés, camisa longa e ancha cun cinto, pantalón ancho e zapatillas baixas.

O emperador leva un sombreiro moi elaborado, unha especie de capa moi grande e vestiduras tipo vestido ata os pés.

Os serventes do emperador levan gorros doutras formas e tamén vestiduras moi longas ata os pés ou case.

2. Actividade persoal. A modo de exemplo:

- pensamento: menta, este, mente...
- emperador: pera, pór, rede,..
- obradoiro: ardor, obra, dar...
- mandarín: . ría, mandar, día...

3. A oración é:

Os enxeñeiros da NASA perderon o contacto co robot Spirit por unha tormenta de po en Marte.

4. As palabras son:

bimotor	árbore
bípede	momento
bilingüe	parrulo
verdoso	remover.



## Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen no apartado *Aprendín* traballaremos os seguintes contidos:

- Repaso con actividades diversas dos artigos determinados e indeterminados e das súas contraccións coas preposicións.
- Repaso da descrición de diversos obxectos.
- Repaso das palabras primitivas, derivadas e compostas.
- Realización correcta dun ditado.

■ No apartado *Avalío as miñas competencias* traballaremos os seguintes contidos:

- Profundización no coñecemento das cores frías e quentes e na realización de debuxos.
- Relación de materiais para pinta coas texturas que se conseguen con elas.
- Uso da creatividade e da corrección lingüística para ditar debuxos a un compañeiro e conseguir bos resultados.

## Solucións das actividades

### Aprendín

1. O texto completo quedaría do xeito seguinte:

O lugar onde veraneamos é un dos sitios máis bonitos que vin nunca. Ten unha praia pequena coa area branca e fina. O mar é de cor turquesa, cristalino, e é completamete transparente. A praia non está moi lonxe da nosa casa.

2. O texto completo cos artigos e as contracción queda do seguinte xeito:

Esa muller terá uns oitenta anos, seino porque vivía na aldea da nosa familia e sempre ía coas súas amigas ver a miña avoa que ten polo menos tantos anos coma ela.

3. Actividade persoal. A modo de exemplo:

- a: grande, bonito, moderno.

5-12

## Aprendín

1 Completa este texto no teu caderno cos artigos determinados e indeterminados que faltan:

... lugar onde veraneamos é ... dos sitios máis bonitos que vin nunca. Ten ... praia pequena coa area branca e fina. ... mar é de cor turquesa, cristalino, e é completamente transparente. ... praia non está moi lonxe da nosa casa.



2 Copia e coloca os artigos que faltan, fíxate nos casos en que tes que realizar contraccións:

Esa muller terá ... oitenta anos, seino porque vivía (en) ... aldea (de) ... nosa familia e sempre ía (con) ... súas amigas ver (a) ... miña avoa que ten (por) ... menos tantos anos coma ela.

3 Describe as características destes obxectos:



4 Escribe no teu caderno a palabra composta que corresponda a cada unha das seguintes definicións:

- Instrumento que serve para abrir as botellas.
- Instrumento de debuxo para trazar liñas.
- Ocupación lixeira e agradable que serve de distracción ou diversión.

### Ditado

Que alegría máis grande! Onte atopeime co meu amigo Teo. Había tanto tempo que non nos viamos! Sabedes o que me dixo? Pois que se muda de novo á nosa aldea. A partir de agora poderemos volver a vernos con frecuencia. Que ben! Farémoslle unha festa de benvinda!

60 Tema 5

INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Intrapersoal	Aprendín, Act. 1	Completar os ocios dun texto con artigos determinados e indeterminados.
Interpersoal	Ditado	Preparar un ditado antes de escribilo para comprender que dificultades poderá encontrar.
Lingüística	Aprendín, Act. 2	Colocar nuns ocios dun text os artigos que faltan e facendo se é preciso as contraccións correspondentes.


COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
LINGÜÍSTICA	Escribir textos coherentes e cunha corrección propia da súa idade.	Localizar en imaxes cores frías e quentes e falar cos compañeiros sobre o seu gusto de pintar. Act. 1 <i>Avalío as miñas competencias.</i>
CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI	Identificar a información que transmite unha imaxe para empregala nas actividades.	Identificar a información contida nunha serie de imaxes e identificar noutras imaxes o material que se puido empregar para realizalo. Act. 2 <i>Avalío as miñas competencias.</i>

# Avalío as miñas competencias

**1** Fíxate nas fotografías. Que cores son frías? E quentes? Comentade con que cores vos gusta máis pintar os vossos debuxos e por que:



**2** Os pintores empregan diferentes materiais para facer os seus cadros ou debuxos. Que material cres que utilizou cada artista en cada un dos seguintes cadros?



- 3** Traballo colaborativo. Xogo de ditar debuxos:
- Fai un debuxo sen que os teus compañeiros te vexan.
  - Busca unha parella e díttalle o teu debuxo.
  - Compara o debuxo do teu compañeiro ou compañeira co que fixeches ti.

- Utilizar estas palabras pódemos axudar!
- Diante...
  - Debaixo...
  - Á esquerda...
  - Entre...
  - Fóra...
  - Sobre...
  - Dentro...
  - Ao carón...
  - Á dereita...



Tema 5 61

- b: escura, bonita, antiga.
  - c: divertida, bonita, colorida
  - d: bonita, pequena, suave
  - e: colorido, entretido
  - f: bonito, divertido, sonoro
- 4.** As palabras compostas das definicións son as seguintes:
- Instrumento que serve para abrir as botellas: tirarrollas.
  - Instrumento de debuxo para trazar liñas: tiraliñas
  - Ocupación lixeira e agradable que serve de distracción e diversión: pasatempo

Finalmente, o alumnado realizará un ditado.

### Avalío as miñas competencias

- Actividade persoal. A modo de exemplo, as cores frías son azul, violeta... e as cores quentes son vermello, laranxa, amarelo...
- Os posibles materiais empregados nas imaxes son:
  - Parece carbón.
  - Parece acuarela ou témpera.
  - Parece óleo.
- Actividade persoal en parellas.

### NAVEGAMOS POR TICHING

- <http://www.tiching.com/19857>
- Usaremos este vídeo para ver diferentes técnicas de pintura e logo expolas. Pedirémolle ao alumnado que por parellas vexan o vídeo que máis lles chame a atención e logo explicarán moi brevemente en que consiste a técnica que viron explicada.
- Tamén lles preguntaremos que materiais se empregan para facer diferentes técnicas de pintura e que texturas e cores resultan.

### LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corraxirá.

### ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

## Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen neste apartado repasaremos os seguintes contidos:

- Os elementos da comunicación.
- A concordancia de substantivos e adxectivos e o recoñecemento de substantivos e de adxectivos.
- A clasificación de substantivos en comúns e propios e en individuais e colectivos.
- Os ditongos e os hiatos.
- Os signos de puntuación e o uso das maiúsculas.
- Os morfemas.
- Os artigos e as súas contraccións.
- A acentuación.

## Solucións das actividades

### Avalío os meus logros

1. Os elementos da comunicación de cada situación son:

- Un señor escoita as noticias pola radio.

Emisor: o locutor ou locutora / Canle: as ondas de radio/ Mensaxe. O que di o locutor / Código: a lingua que utiliza/ Receptor: o señor/ Contexto: A casa do señor oíndo a radio.

- Unha amiga saúdate coa man desde a outra beirarrúa.

Emisor: a amiga/ Canle: a vista/ Mensaxe. Ola./ Código: linguaxe xestual/ Receptor: a persoa a quen saúda/ Contexto: a rúa

- O teu can move a cola e salta cando chegas á casa:

Emisor: o can/ Canle: a vista/ Mensaxe. estou contento de verte / Código: linguaxe non verbal / Receptor: ti / Contexto: a casa

2. As respostas son as seguintes:

- Nomes: ventá, caseta, arboredo, flores, xardín, Carlos, conto, lobo, xersei, Uxía, cor, Paula, banco, peixes, mar.
- Adxectivos: vermellas, bonitas, feroz, gris.
- Nomes e adx. concordados: flores vermellas - bonitas, lobo feroz, cor gris.

5-14

## Avalío os meus logros

1 Enumera os elementos da comunicación en cada unha das seguintes situacións:

emisor      canle      mensaxe      código      receptor      contexto

- Un señor escoita as noticias pola radio.
- Unha amiga saúdate coa man desde a outra beirarrúa.
- O teu can move a cola e salta cando chegas á casa.

2 Copia as seguintes oracións no teu caderno e realiza as actividades que aparecen a continuación:

- Desde a ventá da caseta podes contemplar o arboredo.
- As flores vermellas do xardín de Carlos son moi bonitas.
- No conto da avoa aparecía un lobo feroz.
- O xersei que leva Uxía é de cor gris.
- Paula viu un banco de peixes mentres se mergullaba no mar.

1. Subliña en cor vermella todos os nomes e en cor azul todos os adxectivos.
2. Indica a concordancia entre nomes e adxectivos.
3. Localiza un adxectivo que ten unha soa forma para o masculino e o feminino.
4. Subliña todos os artigos que aparecen e o nome co que concordan. Sinala tamén os artigos contractos.



3 Copia e marca a opción axeitada no teu caderno:

nome	común	propio	individual	colectivo
libro	X			
Ourense				
manda				
canaveira				
culler				
Rosa				
amigo				



62

INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Intrapersoal	Avalío..., Act. 1	Identificar lembrando o aprendido, os elementos da comunicación que aparecen en determinadas situacións.
Interpersoal	Avalío... Act. 2	Ser capaz de comprender as instrucións dadas nunha serie de oracións e realízalas en oracións dadas previamente
Lingüística	Avalío..., Act. 3	Saber clasificar substantivos en comúns ou propios e individuais e colectivos.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
LINGÜÍSTICA	Dividir palabras en sílabas.	Localizar en diversas palabras os ditongos e separalas correctamente en sílabas. Act. 4 Avalío os meus logros.
APRENDER A APRENDER	Empregar os coñecementos previos e os que vai adquirindo para resolver correctamente actividades.	Punturar correctamente un texto e ademais identificar que palabras deberían levar letra maiúscula, corrixilo e recópialo de forma correcta. Act. 5 Avalío os meus logros..



4 Copia as seguintes palabras no teu caderno, sinala os ditongos e sepáraas en sílabas:

- recibiu                      • miudeza                      • violonchelo
- azuis                         • plantei                        • cabaleiro
- meiga                        • armario                      • autoescola

5 Copia no teu caderno e escribe os signos de puntuación e as maiúsculas que consideres necesarias:

o meu amigo gustavo vivía nunha casa cun gran xardín isto permitíalle ter un can cousa que eu lle envexaba porque no piso no que viviamos nós era imposible ter un o seu can lupo era alegre cariñoso e moi movido



6 Escribe no caderno as palabras do texto anterior que teñan hiato.

7 Separa os morfema das seguintes palabras. Faino no teu caderno:


- papeleira                      • escritora                      • prehistórico
- xornalístico                      • subsolo                      • compañeirismo

8 Completa o texto con artigos e contraccións no teu caderno:

... xardín ... avó hai moitas plantas. Iso pasa porque el coida ... seu xardín todos ... días.

Cando se ergue moi cedo ... mañá, colle ... manguera e rega todas ... plantas ... pouquiño de auga.

... primavera, ... xardín ... avó convértese ... fermoso arco ... vella.



9 Copia no teu caderno as seguintes oracións e escribe o acento gráfico nas palabras que o necesiten:

- Nos arrabaldes da cidade hai poucas construcións.
- No alfabeto, despois do ese ven o te.
- Ves como non e tan difícil?
- A miña irma e o seu marido non toman te.
- Non consigo que me saia ben o do cando ensaio musica.



- Adxectivo dunha soa forma: para masculino e feminino: feroz, gris
- Artigos e nomes aos que acompañan: a ventá, o arboredo, as flores, do xardín, no conto, da avoa, un banco, no mar. Destes, os contractos son: do xardín, no conto, da avoa, no mar.

3. A clasificación é:

- Libro: común e individual.
- Ourense: propio e individual
- Manda: común e colectivo
- Canaveira: común e individual
- Culler: común e individual
- Rosa: propio e individual
- Amigo: común e individual

4. Os ditongos están na sílaba que marcamos en negra:

- **Re-ci-biu** / a-**zuis** / **mei-ga**/ **miu-de-za**/ **plan-tei**/ **ar-ma-rio**/ **vio-lon-che-lo**/ **ca-ba-lei-ro**/ **au-to-es-co-la**.

5. O texto correcto é.

O meu amigo Gustavo vivía nunha casa cun gran xardín. Isto permitíalle ter un can que eu lle envexaba poque no piso no que viviamos nós era imposible ter un. O seu can Lupo era alegre, cariños e moi movido.

6. Os hiatos son:

- **vi-ví-a**
- **per-mi-tí-a-lle**

7. A división é:

- Papel-eira / Escrit-ora / Pre-histór-ico / xornal-ístico / sub-solo / compañeir-ismo

8. O texto queda do seguinte xeito:

No xardín do avó hai moitas plantas. Iso pasa porque el coida o seu xardín todos os días. / Cando se ergue moi cedo pola mañá, colle a manguera e rega todas as plantas cun pouquiño de auga. / Na primavera, o xardín do avó convértese nun fermoso arco da vella.

9. As oracións con acento quedan do seguinte xeito:

Nos arrabaldes da cidade hai poucas construcións. / No alfabeto, despois do ese vén o te. / Ves como non é tan difícil? / A miña irmá e o seu marido non toman té. / Non consigo que me saia ben o do cando ensaio música.

### NAVEGAMOS POR TICHING

■ <http://www.tiching.com/735095>

Neste recurso poderemos afianzar o coñecemento de nomes individuais e colectivos.

Ditarémoslle ao alumnado os exercicios e logo corrixiremos entre todos os resultados que fagan de forma individual no seu caderno e profundaremos nos erros cometidos.

### LIBRO DIXITAL

■ **Actividades autocorrectivas** que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ **Actividades abertas** que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

## Orientacións didácticas

■ A través das actividades que se propoñen no apartado *Practico competencias* traballaremos os seguintes contidos:

- Comprensión dun plano dunha casa e das súas partes.
- Debuxo de obxectos dentro dun plano dunha casa.
- Exposición oral correcta da súa opinión sobre un tema.
- Selección de opcións correctas en determinadas situacións.
- Análise dos tipos de casas existentes en diferentes lugares do mundo.

## Solucións das actividades

### Practico competencias

1. As partes da casa son as seguintes:

- 1: dormitorio de matrimonio.
- 2: dormitorio individual.
- 3: balcón.
- 4: comedor.
- 5: estudio
- 6: Esta é a parte que falta, que pode ser un cuarto para a lavadora cun lavadouro.
- 7: baño.
- 8: cociña
- 9: recibidor.
- 10: corredor.

2. Actividade persoal.

3. Reposta persoal. A modo de exemplo:

Si que é importante relacionarse cos veciños e coas veciñas e intentar levarse ben, xa que temos que convivir no mesmo edificio e intentar non molestarnos mutuamente e axudarnos cando poidamos.

4. As opcións correctas son:


- En todas as comunidades de veciños ten que haber un presidente e un vicepresidente.
- As funcións do presidente son

## Practico competencias


1 Mamá ensinoume o plano da nosa casa esta mañá. Podes axudarme a identificar as súas partes? Como se chama a que falta?



- cociña
- dormitorio individual
- dormitorio de matrimonio
- baño
- comedor
- balcón
- estudio
- corredor
- recibidor



2 Copia o plano no teu caderno, localiza os obxectos do meu cuarto e pintaos da mesma cor:



64

INTELIXENCIA MÚLTIPLE	ACTIVID.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Intrapersoal	Practico..., Act. 1	Ser capaz de identificar partes dunha casa nun plano.
Interpersoal	Practico... Act. 2	Debuxar dunha forma comprensible e correcta obxectos copiando un debuxo previo dado
Lingüística	Practico..., Act. 3	Expresarse de forma oral comprensiblemente e con corrección.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
LINGÜÍSTICA	Expresarse oralmente con corrección.	Responder preguntas sobre os tipos de casas do mundo cuidando a dicción e a entoación. Act. 5 <i>Practico competencias</i> .
APRENDER A APRENDER	Empregar os coñecementos previos e os que vai adquirindo para resolver correctamente actividades.	Facer unha selección correcta para resolver a actividade e posteriormente argumentalo de forma coherente e correcta, respectando as opinións dos demais. Act. 6 <i>Practico competencias</i> .





## NAVEGAMOS POR TICHING

TICHING	WEBS
<a href="http://www.tiching.com/19857">http://www.tiching.com/19857</a>	<a href="http://blog.educastur.es/luciaag/2008/02/02/videos-sobre-tecnicas-de-dibujo-y-pintura/?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral">http://blog.educastur.es/luciaag/2008/02/02/videos-sobre-tecnicas-de-dibujo-y-pintura/?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral</a>
<a href="http://www.tiching.com/91229">http://www.tiching.com/91229</a>	<a href="http://www.educarpegarvolar.com/ideas-comunidad/1483">http://www.educarpegarvolar.com/ideas-comunidad/1483</a>
<a href="http://www.tiching.com/726536">http://www.tiching.com/726536</a>	<a href="http://www.oocities.org/area51/shadowlands/7336/contos.htm?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral">http://www.oocities.org/area51/shadowlands/7336/contos.htm?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral</a>
<a href="http://www.tiching.com/735792">http://www.tiching.com/735792</a>	<a href="https://es.wikibooks.org/wiki/Gallego/Gram%C3%A1tica/La_acentuaci%C3%B3n">https://es.wikibooks.org/wiki/Gallego/Gram%C3%A1tica/La_acentuaci%C3%B3n</a>
<a href="http://www.tiching.com/735793">http://www.tiching.com/735793</a>	<a href="https://www.youtube.com/watch?v=QP0IDK4nVQM">https://www.youtube.com/watch?v=QP0IDK4nVQM</a>
<a href="http://www.tiching.com/731736">http://www.tiching.com/731736</a>	<a href="http://cvc.cervantes.es/actcult/paisajes/?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral">http://cvc.cervantes.es/actcult/paisajes/?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral</a>
<a href="http://www.tiching.com/735095">http://www.tiching.com/735095</a>	<a href="https://gl.wikibooks.org/wiki/Exercicios_de_morfosintaxe_en_lingua_galega/substantivo/Individuais_e_colectivos?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral">https://gl.wikibooks.org/wiki/Exercicios_de_morfosintaxe_en_lingua_galega/substantivo/Individuais_e_colectivos?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral</a>
<a href="http://www.tiching.com/732600">http://www.tiching.com/732600</a>	<a href="http://planosycasas.net/wp-content/uploads/2013/05/Casa-prefabricada-de-3-dormitorios.jpg?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral">http://planosycasas.net/wp-content/uploads/2013/05/Casa-prefabricada-de-3-dormitorios.jpg?utm_source=tiching&amp;utm_medium=referral</a>

# ANOTACIONES

A series of horizontal dotted lines for writing notes.

# ANOTACIONES

A series of horizontal dotted lines for writing notes.